

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL, E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MUXÍA

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

DECLARA:

1. Que o 17 de febreiro de 2023 se recibiu na Academia Galega de Seguridade Pública a certificación da persoa titular da Secretaría do Concello de Muxía do acordo adoptado no Pleno do dito concello o 13 de febreiro de 2023 aprobando a adhesión do Concello de Muxía ao convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e prazas de auxiliares de policía local.

2. Que en virtude desta comunicación procédese a redactar o convenio antes descrito e dar traslado deste á Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a súa tramitación.

3. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A delegación polo Concello de Muxía na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e prazas de auxiliares de policía local.



- En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e prazas de auxiliares de policía local do Concello de Muxía, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

4. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

5. Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que **“a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”**.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que **“a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”**.

Dentro dese marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.



O concello asinante aprobou no seu Pleno municipal, adoptado en cumprimento do previsto nos artigos 47.2.h e 22.2.p da Lei 7/1985, do 2 de abril, delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e prazas de auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia deste convenio.

6. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

- a) Identificación das partes que interveñen.
- b) Importe do financiamento.
- c) Data da sinatura.
- d) Finalidade.
- e) Período de vixencia.



7. Que este convenio tipo foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza con data 2 de xaneiro de 2018.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

